


POEMAS DE ts'angs-dbyangs-rgya-mtsó, sexto dalay-lama

introdución, versións e notas de:

Ma do Carmo Kruckenberg



No outono de 1956, facendo unha viaxe por Italia, encontrei en Génova, nunha librería de vello, un libriño que me chamou poderosamente a atención. Tratábase dos cantos de Tsáangs-dbyangs-rgya-mtsó, Sexto Dalai-Lama. Eu daquela descoñecía completamente a Poesía Tibetana, e despois de gostar os seus poemas, que lin con verdadeiro pracer, fíxenme a promesa de traducilos cando me fose posible.

Camilo Xosé Cela publicounos traducidos ó castelán por min en **Papeles de Son Armadáns**, nº CXLVII, xuño 1968. Agora novamente do castelán-italiano á miña lingua nai, coa pretensión de que sexa unha aportación interesante para o coñecemento da poesía tibetana e deste extraño persoeiro. Das 62 composicións recollidas no libro *Love songs of the sixth Dalai-Lama*, Academia Lirica Peiping, 1930, que contén o texto tibetano e a tradución chinesa e inglesa, o texto que eu encontrei en Italia, editado en Milán por Giacomo Prampolini (colección "A'll imsegna dei Pesce d'oro"), contiña sómente 51 cantos. Dos que agora, como mostra, pasarei ó galego 20 poemas, penso que os máis representativos deste curioso escritor.

Os seus cantos teñen unha filosofía totalmente oriental, naturalmente, unha grande sinxeleza e simplicidade, están cheos de gracia, de ledicia e de dozura. A tradución é literal ou poéticamente axustada, tratando de deixar a pureza de sentimento de quen os escribiu. Penso que é a mellor maneira de presentalos á nosa lingua e ós lectores do ano 1987.

A literatura tibetana, que ten unha respetable antigüidade (século IX da nosa era), componse na maior parte de obras anónimas que van desde o poema histórico-biográfico en verso (xesta do PADMASAMBHVDA) ou mítico-lexendario en prosa (epopeia de GHESAR), o drama relixioso, e unha grande cantidade de textos budistas. No espazo dunha decena de séculos coñecemos dous autores somente de nome: o grande poeta e asceta Milarepa (arredor de 1030-1115), que compuxo os seus cantos vivindo como ermitaño entre as neves do Everest. E nos comezos do setecentos o sexto Dalai-Lama, non menos popular na súa patria, por motivos mui diferentes.

TS'ANGS-DBYANGS-RGYA-MTSÓ (as catro verbas pronúncianse mais ou menos tsang-dgiang-gia-metso) nasceu no ano 1683 de unha antiga e distinguida familia, membros da sec-

ta dos Birretes Roxos, e residente en Mon (Tibet meridional). Pouco antes do seu nascimento, morto entón o 5º Dalai-Lama, e segundo a tradición do lamaísmo, o neno foi recoñecido como a reencarnación do defunto lama, e metido nun mosteiro.

A idade de trece anos recibiu os votos sacerdotais e despois foi solenemente consagrado 6º Dalai-Lama. Mais axiña resultou que non tiña nengunha inclinación pola austera vida pontifical e a xuvenil exuberancia atraíao ós praceres do viño e das mulleres. A súa conduta pouco edificante induciu a dubidar de que el fose verdadeiramente a reencarnación do exemplar lama desaparecido. No Tibet criouse un estado de dispracer que alarmou a Kang-si, o emperador chinés daquela. En no 1701 foille comunicado desde Pekín ao revoltoso Dalai-Lama de 18 anos que non era posible consideralo mais tempo como tal. Sen unha protesta pola súa banda e como se desexase e suspirase en segredo aquela destitución, renunciou solenemente a todas as prerrogativas relixiosas, conservando, porén, os beneficios temporeiros, que lle permitiron continuar vivindo folgadoamente 5 anos mais. Morreu ós 23 anos, en 1706, asasinado, ó parecer, polo implacable Kans-Si, despois de cair nunha insidiosa emboscada.

Sobre os picos, ó leste da montaña,
levantouse a branca lúa;
pouco a pouco surxiu na miña mente
o rosto da miña xoven rapaza.

Os tenros gromos prantados o ano pasado
este ano son secos monllos de palla.
Os corpos envellecidos dos xóvenes dun tempo
son mais curvos que arcos de bambú.

Aquela á cal se dirixe o meu pensamento
voltarase compañeira da miña vida.
Para min sería como obter
unha xoia dos abismos mariños.

A amada que por desgracia encontrei e deixei
é unha rapaza de membros perfumados.
Recupérase así unha esquencida "turquesa", (1)
e despois, desleixada, déixase na rúa.

Qué olla o esfumado semblante
da filla dun funcionario?
Mira unha belida moza madura
no cimo de outra árbore. (2)

O cumprimento da xiada sobre a herba
é o anuncio do vento norte;
en efecto, xustamente a el toca
afastar as abellas das frores.

Coa moza da praza do mercado
fixen, en tres palabras, un nó de amor.
Nen xiquera probei a desatalo cun cravo;
descólgase todo e cae ó chan.


A bandeira da sorte da miña amada
á beira dun salgueiro flamea izada.
Irmán, que do salgueiro es o garda,
non sexas ti mesmo o que tires as pedras. (3)

Vizosa flor da malvela,
se ti volveses, obxecto de oferenda,
tamén eu, xoven "abella azul",
porta —da gracia— no templo dos deuses.

Se aquela pola cal eu perdín o corazón
me deixase por adorar ós deuses...
Tampouco eu quero ficar aquí;
subirei á ermida do monte.

Fun a un santo Lama
para pedirlle guía ó meu espírito.
Pero a miña mente non puido cambiar;
polo cal voltei á beira da miña amada.

Botade unha ollada a certas rapazas,
dentes cándidos, faces sorridentes.
Unha, voltándose, miroume á cara,
de esguello, temesiña.



HERBARIUM: "Himenea flaccida", 1983

JOAN FONTCUBERTA

Engaiolado de amor, pergunteille
se quería ser a miña compañeira.
Se a morte non pode, replicou,
vivos, non nos separaremos xamais.

A mente deste xoven de Kong-po
paréceme unha abella apresada nunha rede.
Tres días foi o meu compañeiro de leito
e agora está meditando sobre Deus e o futuro. (4)

Mentres es dono dunha xoia
comunmente apréciala como tal.
Pero cando pasa a outras mans
doeche o corazón, ferido de pranto.

Por roubo perdín á miña amada;
debo agora consultar ós adiviños.
Porque a rapaza de alma inxenua
hai tempo que frequenta os meus soños.

Aquela xoven, en lugar dunha nai,
non terá nacido por casualidade dun pexego?
O seu amor por un home desfóllase
aínda mais depressa que as frores dun albercho.

Miña amada, a que coñezo desde neno,
non pertencerá á raza dos lobos?
Os lobos en realidade foxen polos montes,
aínda que a súa carne ofécese a moreas.

Primeiro é mellor non ver nada;
deste xeito non hai medo a que surxa o amor.
Despois da intimidade debes fuxir.
No afastamento non te sentirás desgarrado.

O cabalo branco que sai polo monte
podes collelo con lazo ou cachepa.
Pero a muller que lisca de ti
non a recuperarás nen por arte de maxia.

NOTAS

- (1). - Pedra semi-preciosa.
- (2). - A similitude deste fragmento fai pensar no célebre poema de Safo, ignorado, naturalmente polo poeta tibetano.
- (3). - Bandeira con escritura de fórmulas máxicas e de boa sorte en tibetano e sánscrito.
- (4). - Este canto dirixese a un Bodhi-sattva protector da relixión cando ten superados os 10 estados da perfección espiritual.